



UNIVERSIDADE
DE VIGO

| |
|----------------------------|
| Registro Xeral |
| SAIDA |
| UVIGO1101 Nº. 200600015441 |
| 05-09-2006 13:02:31 |

Asunto: conservación cualificación das materias superadas nas probas de conxunto para futuras convocatorias

O Real Decreto 285/2004, de 20 de febreiro, polo que se regulan as condicións de homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros de Educación Superior, dispón que cando se detecten carencias na formación acreditada para a obtención do título estranxeiro, esta quedará condicionada á previa superación polo interesado duns requisitos formativos complementarios.

O mesmo Real Decreto dispón que os requisitos formativos complementarios poderán consistir na superación dunha proba de aptitude, na realización dun período de prácticas, na realización dun proxecto ou traballo ou na asistencia a cursos tutelados que permitan subsanar as carencias formativas advertidas.

A orde ECI/1519/2006, de 11 de maio, pola que se establecen os criterios xerais para a determinación e realización dos requisitos formativos complementarios previos á homologación de títulos estranxeiros de educación superior, non contén ningunha norma que obrigue expresamente á universidade a “conservar” as materias superadas nas probas de aptitude para futuras convocatorias.

Considerando que ningún artigo da normativa mencionada prohibe expresamente que a Universidade non poida conservar as materias superadas nas probas de aptitude para futuras convocatorias e, tendo en conta o escrito do Ministerio de Educación, Cultura y Deporte que deixa a conservación a criterio de cada universidade, esta Secretaría Xeral dispón que se **DEBERÁN CONSERVAR AS MATERIAS SUPERADAS NAS PROBAS DE APTITUDE PARA FUTURAS CONVOCATORIAS, INCLUÍDAS AS SUPERADAS NOUTROS CENTROS E NOUTRAS UNIVERSIDADES.**

Vigo, 5 de setembro de 2006
A SECRETARIA XERAL



Esther González Pillado

- Ilmos/as. Decanos/as e Directores/as de Centros e Departamentos
- Sr. Xefe do Servizo de Alumnado
- Sres/as. Administradores/as de Centros e Campus
- Sres/as. Xefes/as de Administración

